



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Historia da educación	Código	652G01006	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Rivas Barros, Isabel	Correo electrónico	isabel.rivas@udc.es	
Profesorado	Rivas Barros, Isabel	Correo electrónico	isabel.rivas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Na materia de Historia da educación faise un percorrido polas etapas máis significativas na historia do pensamento pedagóxico e das institucións escolares.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizan cambios nos contidos</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Traballos en grupo e expositivas non presencias.</p> <p>Estas faránse a través de Moodle e Teams</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican. As explicacións sobre contidos e guía para a realización dos traballos serán a través de correo electrónico, Moodle e Teams</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Sempre que o alumnado o precise a través de correo electrónico,</p> <p>4. Modificacións na avaliación Costará dun traballo en grupo que será o 100% da nota</p> <p>*Observacións de avaliación: No caso que algún alumno ou alumna o solicite o traballo monográfico poderase facer de xeito individual</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A14	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
A27	Situar a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.		A14	
Situara a escola infantil no sistema educativo español, no contexto europeo e no internacional.		A27 A31	
Coñecer experiencias de prácticas de innovadoras en educación infantil		A28	
Valorar a importancia do traballo en equipo.		A29	
Aprender a aprender.			B1
Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.			B3
. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida			B10 B11 B17 C1 C4 C6 C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
A configuración e evolución histórica do concepto de infancia	A construción da categoría &quot;infancia&quot; no marco das sociedades contemporaneas.
Xénese e estrutura dos sistemas educativos nacionais	Xénese, estrutura e funcións
O sistema educativo en España	Xénese, evolución histórica e lexislación educativa
O pensamento pedagóxico contemporáneo	Os pioneiros da escola contemporánea. A Escola Nova. Teorías educativas socialistas, marxistas, anarquistas e libertarias. As pedagogías críticas. Plantexamentos pedagóxicos antiautoritarios. As correntes críticas á institución escolar. Movements, institucións e práctica pedagóxica en educación infantil. A historia das innovacións pedagóxicas en educación infantil e a súa evolución.
A cultura escolar	Dimensión científica política e empírica. Os modelos contemporáneos de educación infantil.
.Xenealoxía da profesión docente	Evolución histórica da formación docente

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A14 A27 A28 A31 B10 B11	24	0	24
Traballos tutelados	C4 C6	10	40	50
Lecturas	B3	0	23	23
Actividades iniciais	C7	4	0	4
Aprendizaxe colaborativa	A29	0	8	8



Presentación oral	B17 C1	2	0	2
Proba de ensaio	B1	2	0	2
Portafolios do alumno	C8	0	27	27
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Faráse unha exposición oral dos temas da guía coa introdución dalgunhas preguntas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Traballos tutelados	Está referida a cómo facer un traballo de iniciación á investigación histórica. Os estudantes se responsabilizan do seu propio traballo pero seguindo as pautas que a profesora lles irá marcando a través dun seguimento tutorial individualizado.
Lecturas	Propoñeranse unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos e documentación de carácter histórico gráfico que o alumnado terá que ler e recensionar.
Actividades iniciais	Levaráanse a cabo nas primeiras sesións de clase actividades de carácter expositivo por parte da profesora nas que se presentará o programa da materia.
Aprendizaxe colaborativa	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender e ao tempó son responsables mesmo da súa propia aprendizaxe como da dos seus compañeiros. Non se opón ao traballo individual. Máis ben debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe complementaria que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumnado.
Presentación oral	Exposición de traballos realizados, individuais ou en grupo, diante dun grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento pu experiencia abordada.
Proba de ensaio	Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.
Portafolios do alumno	Recolle apuntes persoais, traballos de investigación, resumes...

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado de carácter presencial contará cun seguimento e atención personalizada tanto nas clases como no horario de tutorías.
Lecturas	
Aprendizaxe colaborativa	Canto ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica non se contemplan metodoloxías grupais. Terán todas carácter individual e faráse un seguimento personalizado de carácter tutorial.
Portafolios do alumno	
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	C4 C6	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación histórica. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo. No seu momento facilitaránse unhas pautas que permitirán a elaboración do mesmo, que se complementará cun seguimento tutorial individualizado.	40
Lecturas	B3	Con carácter obrigatorio e optativo propoñeranse un serie de lecturas seguindo o temario do programa.	20
Aprendizaxe colaborativa	A29	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender. Debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumnado.	10



Presentación oral	B17 C1	Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	10
Proba de ensaio	B1	Pretende determinar os logros dos estudantes en termos obxectivos e avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia.	20

## Observacións avaliación

A avaliación da materia será continua e formativa.

A asistencia ás clases interactivas é obrigatoria. O alumno ou alumna que acumule máis de tres faltas de asistencia deixa de ser asistente pasando a ser avaliado seguindo outros criterios distintos ó alumnado asistente.

A avaliación final consistirá na presentación e defensa dun traballo tutelado grupal ao que lle corresponderá o 70% da nota final e unha proba de ensaio ao que lle corresponderá o 30% da nota final.

Os/As alumnas repetidoras poderán optar á asistencia ás clases ou de non asistir deberan realizar unha proba de ensaio de carácter obrigatorio ao remate do cuatrimestre na data marcada oficialmente pola Facultade e un traballo individual. O traballo individual terá un valor do 30% da nota e a proba de ensaio un 70%. Será imprescindible para aprobar a materia obter cando menos un aprobado tanto no traballo como na proba de ensaio.

O alumnado non presencial debidamente xustificadas deberán realizar unha proba de ensaio de carácter obrigatorio ao remate do cuatrimestre na data marcada oficialmente pola Facultade e un traballo tutelado de carácter individual. O traballo individual terá un valor do 30% da nota e a proba de ensaio un 70%. Será imprescindible para aprobar a materia obter cando menos un aprobado tanto no traballo como na proba de ensaio.

## Fontes de información





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>ANDERSON, M. (1988), Aproximaciones a la historia de la familia occidental (1500-1914), Madrid, Siglo XXI, 1988.</p> <p>ARANGUREN, J. L. e outros (1983), Infancia y sociedad en España, Jaen, Hesperia, ARIÉS P. e outros,(1987), Sexualidades occidentales, Barcelona, Paidós, ----- (1987), El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen, Madrid, Taurus, 1987. BALL, Stephen J. (comp.)(1993), Foucault y la educación. Disciplinas y saber, Madrid, Morata, 1993. BURGIERE, André e outros (1988): Historia de la familia, Madrid, Alianza, BORRÁS LLOP, J. (dir),(1986) Historia de la infancia en la España contemporánea (1834-1936), Madrid, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales-Fundación Germán Sánchez Ruiperez. CASEY, J. (1950), Historia de la familia, Madrid, ESpsa- Calpe. DELGADO, B. (1997), Historia de la Infancia, Barcelona, Ariel. DEMAUSE, LI (1982), Historia de la Infancia, Madrid, Alianza Editorial FOUCAULT, Michel,(1982) Vigilar y castigar, Madrid, Siglo XXI GONZALEZ-AGÁPITO, J.(2003), La educación infantil. Lecturas de un proceso histórico en Europa, Barcelona, Octaedro. TORRES J. e outros,(1993) Didáctica de la Educación Infantil, Madrid, MEC VARELA, J. e ALVAREZ-URIA, F.(1991), Arqueología de la escuela, Madrid, La Piqueta. El cabezota (1982). Director: Francisco Lara Polop (película). Las Misiones Pedagógicas (2006). Director: Gonzalo Tapia (documental) La República de los maestros (2004). Directores: Victoria Martínez e Arturo Villacorta (documental) La escuela fusilada (2006). Directores: Iñaki Pinedo e Daniel Álvarez (documental). A derradeira lección do mestre (2006): Xoán Carlos Garrido (documental). La Sección Femenina (2006). Director: Javier Ortega (documental). Afranio (2008). Director: Víctor Coyote (documental). Flores tristes (2008). Director. Teo Manuel Abad (documental).</p> <p><a href="http://www.rtve.es/mediateca/videos/20091203/paisajes-historia---seccion-femenina/642193.shtml">http://www.rtve.es/mediateca/videos/20091203/paisajes-historia---seccion-femenina/642193.shtml</a> (La sección Femenina) Documental que se pode baixar da Rede <a href="http://edukazine.blogspot.com/">http://edukazine.blogspot.com/</a> (portal de recursos cine e educación) <a href="http://www.cinehistoria.com/">http://www.cinehistoria.com/</a> (Portal de recursos de cine e historia) <a href="http://www.sc.ehu.es/sfwshed/">http://www.sc.ehu.es/sfwshed/</a> (Sociedad Española de Historia de la Educación) <a href="http://www.ceince.eu/main.php?id=1">http://www.ceince.eu/main.php?id=1</a> (Centro Internacional de Cultura Escolar)</p>
------------------------------------	--

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

-É obrigatoria a entrega cumprimentada da ficha de identidade persoal -Non se admitiran traballos dos que a profesora non teña constancia da súa realización. -As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais. -Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado tódolos traballos esixidos. De faltar algunha das partes figurará un Non Presentado. -Os traballos escritos presentaránse ben identificados. Non se admitiran traballos encernados con fundas plásticas, anillas ou deseños similares. Deberánse entregar sempre a dobre cara. Faránse sempre copias dos traballos entregados. -

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías